

CTO. GALEGO DE WÁTER-POLO CADETE MIXTO

Tempada 2016 – 2017. Circular 16-46.

1.- Participación

- 1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubs inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube.
- 1.2.- Poderán participar ademais, clubs non inscritos na FEGAN, con limitación do número de equipos en función das posibilidades de organización. Os clubs de fora de Galicia, ademais dos gastos propios do Campionato, deberán aboar unha taxa anual de participación válida para todos os Campionatos, equivalente ao 50% da cota de Clube.
- 1.3.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de Water-polo.
- 1.4.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubs presenten unha relación de xogadores ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.
- 1.5.- A idade dos xogadores será a dos nados no ano 2001 e posteriores en categoría masculina e feminina.

2.- Inscripcións

- 2.1.- Os clubs deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 60 días antes da celebración do campionato.
- 2.2.- Os clubs que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do campionato galego cadete.
- 2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

3.- Calendario

- 3.1.- Celebrarase un Campionato de inverno ou outono segundo o calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicárase oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.
- 3.2.- Celebraranse un Campionato de verán segundo calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicárase oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

4.- Sistema de xogo

- 4.1. En función del número de equipos inscritos:
 - ≤ 4 equipos un día de competición
 - 5 equipos dependendo da sede e da decisión dos clubs participantes.
 - > 5 equipos a copa celebrarase en 2 xornadas a mesma fin de semana.
- 4.2.- En todos os partidos e en todos os sistemas de competición acabarán cun vencedor (sen posibilidade de empate).

4.3.- Xogarase conforme á Normativa Xeral de Wáter-Polo.

4.4.- A FEGAN será quen decida que sistema de xogo a empregar.

4.5.- O sorteo será dirixido, de tal forma que los primeiros clasificados na Liga non poderán cruzarse até unha hipotética final, e os equipos que participaron na mesma terán preferencia nos cruzamentos ante os equipos inscritos por primeira vez (en caso de non ter rematado a liga, será sorteo puro).

Exemplo para 6 equipos da liga máis 2 equipos novos:

1º Clasificado – Equipo Novo 1

4º Clasificado – 5º Clasificado

3º Clasificado – 6º Clasificado

2º Clasificado – Equipo Novo 2

5.- Obrigas dos equipos

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

6.- Títulos e premios

6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión do campionato e medallas aos compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña, 22 de xullo de 2016

Secretaría Xeral FEGAN